



## *Unha familia de escultores. Xosé Rivas e fillos. De Riotorto camiño de Compostela*

A. Niñe Fernández. Xunta de Confrarías Semana Santa de Viveiro, 2023

A Xunta de confrarías da Semana Santa de Viveiro, o Concello de Viveiro, o Concello de Riotorto, a Deputación de Lugo, a Xunta de Galicia e ABANCA publicaron no ano 2023 o traballo de Antón Niñe Fernández –escritor, investigador e profesor xubilado de relixión– sobre a importante obra da dinastía de imaxineiros e escultores de Xosé Rivas Rodríguez e os seus fillos. Xosé Rivas, naceu en Riotorto no 1886 e xa de neno trasládase a Compostela, onde recibe formación na Escola de Artes e Oficios, sendo alumno de Ramón Núñez e Maximino Magariños (pax. 23). Xosé Rivas sería un autor laureado, acadando entre outros galardóns a medalla de prata na Exposición Rexional Galega do 1909. Tras falecer en 1950 en Compostela, é inxus-

tamente esquecido, a pesar de que os seus fillos continúan coa súa tradición. Esta obra de Antón Niñe Fernández, produto dun exhaustivo traballo de investigación, é polo tanto unha xusta homenaxe a un artista esquecido a pesar da súa fonda pegada na imaxinería relixiosa.

Antón Niñe Fernández partiu da investigación bibliográfica, arquivística e oral. En canto a esta última, puido contar co testemuño de María do Carme Rivas, Luís Sóñora e Esperanza Rivas, descendentes do mesmo Xosé Rivas. Os veciños da parroquia de Ferreira Vella, en Riotorto, tamén foron valiosas fontes de información para o autor. En canto á bibliografía, cóntase con varios antecedentes, coma o libro *A imaxinería relixiosa na Semana Santa de Viveiro* de M.<sup>a</sup> Begoña Fer-

nández García, publicado no ano 2000 pola Deputación de Lugo. Ademais da memoria de licenciatura de María Agustina Fernández Álvarez, co título *Noticias de Arte no Faro de Vigo durante a ditadura de Primo de Rivera* do ano 1978, quen sinala unhas oitenta e sete pezas realizadas por Xosé Rivas entre o período que vai do 1923 o 1930. Xosefina Sánchez Cons realizaría, á súa vez, unha tese de doutoramento no 2014 co título *A arte relixiosa no Arciprestado de Xuvia*, que tamén conta con valiosa información sobre Xosé Rivas e os seus fillos, destacando que xeran novos modelos iconográficos, como a da Virxe do Carme como advocación mariñeira con exemplares en Cedeira (1917), Baiona (1927), Moaña (1927), Foz (1954) ou Camariñas. Ou tamén o do Sagrado Corazón de Xesús cun anxo sostendo o cáliz da amargura. Eva María López Añón, coa súa tese de doutoramento de 2007 *Arte relixiosa no Arciprestado de Nemancos. Séculos XVII-XX*, tamén axudou a facer un exhaustivo catálogo da obra de Xosé Rivas. Outra fonte son breves achegas xurdidas en publicacións relacionadas

coa Semana Santa da vila de Viveiro. Outras fontes foron a pegada de Xosé Rivas na prensa da época, recorrendo o autor ás hemerotecas. Tamén foron consultados para a realización do traballo fontes de carácter arquivístico, tales como as do Xulgado de Paz de Riotorto, o Arquivo Diocesano de Mondoñedo-Ferrol, o Arquivo Histórico de Santiago, o Arquivo Diocesano de Santiago, ademais do arquivo persoal do mesmo autor.

A obra comeza cunha biografía do artista, sinalando os seus antepasados máis inmediatos naquel concello de Riotorto, algúns deles dedicados á confección de instrumentos de ferro, precisamente naquela parroquia chamada Ferreira Vella. A obra de Xosé Rivas enténdese, no contexto dun rexurdimento cara á segunda metade do século XIX, dun sentimento piadoso que se reflicte na fundación de numerosas confrarías que alimentan toda unha industria de imaxineiros, ebanistas, douradores... etc. É en Compostela onde se atopa precisamente un deses centros de artistas e de formación de artistas. Con vinte e catro anos Xosé Rivas

monta o seu propio Obradoiro no número 47 da compostelá Rúa do Vilar, dedicándose de xeito case exclusivo á imaxinería relixiosa e contando en determinado momento até con máis de cincuenta operarios. Cara ao 1936, no contexto da crise da Guerra Civil, trasládase á Rúa da Ensinanza, número 11. A prensa da época, como recolle documentalmente Antón Niño Fernández, é testemuña da actividade de Xosé Rivas, tanto en titulares como os da *Gaceta de Galicia* ou o *Eco Franciscano*, como en anuncios da súa actividade, onde é publicitado o seu Obradoiro como idóneo para a «*construcción y restauración de Imágenes, Altares, Andas, Púlpitos y todo lo concerniente al Arte Religioso*» (pax. 29). O seu obradoiro tamén está presente na *Guía comercial e industrial y datos útiles al romero en la urbe santiaguesa*, programa elaborado no ano 1918 con motivo das Festas do Apóstolo na cidade.

Ademais da imaxinería relixiosa, Xosé Rivas tamén foi o autor doutro tipo de obras, traballando na fonte de Santa Minia de Brión ou no frontón da fachada da compostelá Facultade de Medicina, ade-

mais de retablos, co predomino do estilo oxival, e incluso confesionarios. En canto aos materiais, o principal é a madeira, pero tamén traballa no obradoiro de Xosé Rivas a pedra e o acibeche, nese Obradoiro no cal son formados os seus fillos varóns Xesús, Xosé, Antonio, Santiago, Xoán, Manolo, Xulio e Aurelio. Ademais da confección de obras, a restauración, pintado ou decoración das mesmas tamén forma parte do oficio de Xosé Rivas e os seus fillos.

Dos fillos de Xosé Rivas, Xesús, o maior dos irmáns, foi gran debuxante, tomaría o control do obradoiro antes incluso da morte do seu pai, sendo autor, entre outras obras, dunha Virxe do Carme en San Martiño de Bueu (1940). Xunto co seu irmán Santiago, iría a Filadelfia (EEUU), mostra do seu talento. Pero o de obra máis extensa dos fillos de Xosé Rivas sería Aurelio, que deixou pegada sobre todo en Euskadi. En canto a Manolo, ademais da madeira, sería un gran traballador do acibeche ou os metais. Xulio e Xoán emigrarían como tallistas ao Brasil e Xosé foi o primeiro en deixar o oficio de escultor.

O libro de Antón Niñe Fernández suma ao seu interese o gran número de fotografías que acompañan ao texto, indicando así mesmo a súa localización, constituíndo un interesante catálogo fotográfico da obra de Xosé Rivas. As obras atópanse nas catro provincias galegas, destacándose as realizadas para templos composteláns, como o San Antón de Padua da catedral, o *San Pedro Nolasco* das Nais Mercedarias (1925), a *Virxe das Dores* de San Fiz de Solovio (1926), a *Nosa Señora das Dores* da igrexa de San Francisco, que saen en procesión os venres de dor, ou o *Calvario* da igrexa de Santo Agostiño. Outra das cidades especialmente bendicidas pola obra de Xosé Rivas é a de Ferrol, con obras na igrexa das Mercedarias (1926), no Convento da Ensinanza (1929) ou na concatedral, onde vemos unha *Virxe de Lourdes con Bernadeta* (1929) e un *San Antón* (1929). Este último santo podémolo ver tamén na pontevedresa Igrexa de San Bartolomeu (1924) e no templo parroquial da Estrada (1929). En San Bartolomeu de Pontevedra, no altar maior temos, así mesmo, un *San Bartolomeu*, unha *Santa*

*Rita* e outro *Santo Antón*; mentres que nun altar lateral do templo temos unha santa Lucía e outras imaxes usadas como pasos na Semana Santa, como unha *Oración en Xetsemaní*. Tamén en Pontevedra, temos a *Virxe do Perpetuo Socorro* na basílica de Santa María e un Santiago Apóstolo ecuestre no homónimo templo. En Vigo, temos obras na concatedral, un *San Bieito de Nursia*, unha *Nosa Señora da Mercé* no Comercio de D. Santiago Martínez (1925), un *Neno Xesús de Praga* na igrexa das Travesas e o paso *A Pesca Milagrosa en Bouzas*, este último un conxunto realmente impresionante. Pero é a vila de Viveiro, coa cal Xosé Rivas tivera unha especial relación e cunha importante Semana Santa declarada de Interese Turístico Internacional, onde se atopa gran parte da obra de Xosé Rivas e o seu obradoiro. Así temos a coñecida *Burriña* que sae en procesión o día de Ramos e que é custodiada no templo de San Francisco desta vila. No mesmo templo temos un *Ecce Homo* coñecido como *Cristo da Cana* (1950), que igualmente sae en procesión; un *Prendemento* ou *Bico*

*de Xudas* (1947) e un *Calvario* con seis figuras (Xesús, María, a Magdalena, san Xoán, Xestas e Dimas) que sae en procesión en Venres Santo. O paso da Piedade (1944), igualmente vinculado á Semana Santa de Viveiro, tamén é obra de Xosé Rivas. En canto a imaxes non relacionadas coa Semana Santa como pasos, temos en Viveiro unha *Virxe das Dores* na igrexa de San Xiao de Landrove, realizada un ano antes da súa morte. Na igrexa do convento de Valdeflores temos un San Francisco de Asís co lobo, un San Domingo e a Virxe de Valdeflores. Na igrexa de Celeiro hai unha Virxe do Carme obra de Xosé Rivas. Na parroquia de Santiago en San Francisco de Viveiro temos un *San Xosé* (1955), o *Cristo da agonía* (1956), un *San Roque* (1926), un *San Nicolás* (1956) e unha posible, con dúbidas, *Virxe de Fátima*.

Dalgunhas das obras de Xosé Rivas non se coñece a súa localización, sendo significativa a suposta desaparición dun dos pasos que saía en procesión na Coruña, unha *Oración no horto* ou o *Prendemento*, de que o autor do libro non atopou sinal a pesar da documentación grá-

fica polo menos dos anos 60 do pasado século (pax. 92). Fóra de Galicia, tamén podemos admirar obras de Xosé Rivas e o seu obradoiro en Irún, Zamora, Ponferrada, Daimiel (Ciudad Real) e Palencia, e incluso a Sudamérica chegou a súa arte.

O libro remata cun catálogo de obras atribuídas a Xosé Rivas e fillos coa súa localización e datación cando o permite, así como cunha listaxe bibliográfica. De seguro que moitos nos sorprenderíamos do preto que temos algunhas destas obras. A obra de Antón Niñe Fernández é, polo tanto, unha xusta homenaxe a unha dinastía de artistas que alumearon a piedade de galegos e foráneos coa súa obra plasmada en senlleiras imaxes e pasos procesionais.

Xerardo Torrado Agulla<sup>1</sup>

---

<sup>1</sup> Historiador, doutorando en Historia Antiga na USC.